

FERROL

ENTREVISTA

Presidente do coro toxos e froles Arturo Lamas: «Sacaremos adiante o coro que no 2015 chega ao século»

Lamas agarda que a institución que preside supere xa a crise que sufriu n^o derradeir^o an^o que deix^o grandes débedas

francisco varela | Ferr^{az} / La V^{oz} | 25/11/2011

A Arturo Lamas Braña non lle deu medo poñerse ao fronte do Real Coro Toxos e Froles, no 2010, nunha grave crise da institución decana dos coros galegos que o deixou caseque na quebra.



Aceptou a presidencia e

onte, pechadas xa todas as causas xudiciais, comentou que segue con ánimo. A coral conta con 44 membros porque incorporándose moitas voces novas.

-¿Teñen moitos proxectos?

-Andamos preparando un concurso de dúos de gaita e percusión para menores de 18 anos, que celebraremos no

teatro Jofre o 3 de decembro. Temos xa sete finalistas, tres de eles de Xinzo e outros de Trazo, Melide, Fene y Lugo. Queremos axudar así a xente nova que pula no mundo da gaita.

-¿E o plan de saneamento?

-Imos pagando as débedas, cos empregados, provedores, pouco a pouco.

-¿Contan con financiación?

-Si, pero menos que noutros tempos porque tamén a crise notámola en institucións como a nosa. Pensamos que sacaremos adiante o coro que o ano que ven chegará aos 97 anos e no 2015 ao século de vida, que non está mal. Contamos con 320 socios, funciona a coral, tamén volveron a funcionar a escolas de gaita e percusión, baile, pailleiras e bordado. Pensamos organizar un concurso de baile tradicional galego para o 7 de xaneiro, no Jofre. E grabar un especial de nadal para a TVG.

-¿A directiva?

-Estamos con moitos ánimos vendo que as cousas van saíndo adiante, aunque nos coste pasar no coro moito tempo. Sentímos ilusionados porque, insisto, o noso traballo vese recompensado. O director do coro e os directores das escolares tamén transmítenos o mesmo sentimento. En definitiva, que vamos que as cousas van saíndo e non temos nada máis que seguir polo mesmo camiño.

arturo lamas braña presidente do coro toxos e froles



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidad local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Comercializa publicidad nacional:

Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña en el Tomo 2438 del Archivo, Sección General, a los folios 91 y siguientes, hoja C-2141. CIF: A-15000649.